

**Asunto: Resolución da Inscripción do Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte**

Con data 9 de abril de 2025 recibíuse solicitude de Inscripción do Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte, no Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia (REDEGA), formulada por D. Miguel Ramos Nieto no nome e representación do clube **EDUKAJUDO**, con NIF G70498886 e con domicilio en Avda. Alcalde Manuel Platas Varela, 93, 1º, 15141 Villarodis - Arteixo (A Coruña), e tendo en conta os seguintes **FEITOS**:

**Único.** Coa solicitude de inscrición presenta os seguintes documentos:

1. Designación do Delegado de Protección de NNA (DP), polo órgano de goberno da entidade de data 8 de xaneiro de 2024, certificado polo secretario da entidade o 9 de abril de 2025.
2. Aceptación do Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte, asinado o 9 de abril de 2025.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

**Primeiro.** O **artigo 66 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia** crea o Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia. O **artigo 12 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia** adscribe o dito rexistro ao órgano superior da Administración xeral da comunidade Autónoma competente en materia de deportes. .

**Segundo.** O **capítulo IV do Decreto**, regula o réxime xurídico do acceso ao rexistro, así como a documentación que as entidades deben presentar para seren inscritas, segundo a súa tipoloxía e acto inscribible

**Terceiro.** En aplicación desta normativa, unha vez cualificada a documentación presentada nos termos do **artigo 7 do Decreto 85/2014, procede a súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.**

**Cuarto.** O **artigo 67 da Lei 3/2012** establece que a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia non validará os actos que sexan nulos nin os datos que sexan incorrectos de acordo coas leis.

**Quinto.** O **artigo 47 da Lei Orgánica 8/2021**, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, establece que os Protocolos de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA), fronte á violencia no deporte, deben aplicarse en todos os centros que realicen actividades deportivas.

**Sexto.** O **artigo 48 da Lei Orgánica 8/2021**, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, determina as obrigacións ás que están suxeitas as entidades para a protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación,



**RESOLVO:**

1. **Inscribir o Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a Violencia no Deporte** xunto coa **persoa delegada de NNA (DP)** da entidade deportiva **EDUKAJUDO**, con número de rexistro **C-12753**, no **Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia (REDEGA)**.
2. **Inscribir** como persoa delegada de NNA (DP): **D. Miguel Ramos Nieto**, con **NIF:46914727V**

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co sinalado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica  
José Ramón Lete Lasa  
Secretario Xeral para o Deporte

Por delegación de sinatura (Resolución do 18 de Decembro de 2018)

Roberto García Fernández

